

Lugar a Rocha (Centro de Salud)
Lugar Torrón
Plaza Pintor Fernandez (colexio)
PO-552 (gasolinera Cepsa Forcadela)
Rua Daniel Calzado

Localización destes colectores en Tomiño:

(https://drive.google.com/open?id=1iKfpnqZ_ldbXsEBDkPQKcXL7ic3Hveee&usp=sharing)

Residuos de medicamentos

Os medicamentos non se deben desbotar en ningún dos colectores anteriores, xa que son produtos químicos que poden ser perigosos se non se tratan correctamente. Para a súa eliminación controlada existen os puntos SIGRE, situados en farmacias.

Tódolos restos de medicamentos caducados ou non utilizados e os seus envases deben desbotarse nos puntos SIGRE, incluíndo todos aqueles envases que estiveron en contacto co medicamento (frascos, tubos, ampolas, aerosois, etc) aínda que estén baleiros. Isto é preciso para poder identificar os distintos tipos de medicamento e darlle o tratamento máis apropiado.

As caixas de cartón e envases de medicamentos de todo tipo, teñan aínda restos do medicamento ou non, non deben desbotarse os colectores de reciclaxe regulares.

NON se deben desbotar agullas, gasas, termómetros, produtos químicos, radiografías ou pilas.

Para máis información: <https://www.sigre.es/>

Lámpadas e fluorescentes

As lámpadas e fluorescentes non se deben desbotar nunca ó colector da fracción resto, xa que poden desprender gases nocivos. Para iso, en ferraxerías e puntos de venda de

electrodomésticos teñen a obriga de recollelas. O ideal é levalas alí no momento que se quere mercar outra para substituíla.

Centros de distribución deste tipo de funxibles teñen uns pequenos colectores de cartón no seu exterior onde se poden depositar.

En Tomiño, os puntos de recollida de lámpadas e fluorescentes son os seguintes:

FERRETERIA A RODA Buenos Aires, 4 Izq. -Tomiño

EXPERT TOMIÑO Avenida Gondomar nº 59 - Tomiño

FERRETERIA BOUZADA Gondomar, 12 - Tomiño

COMERCIAL IFEGA INSTALACIONES A Rocha 9 - Tomiño

ENECO GALAICA Uruguay, 2 - Tomiño

ALIPROX GOIAN Avda. Ordoñez semisotano, Edif. Vigasa,26 - Goián

FRERRETERIA CRESPOVAZQUEZ C/ Ordoñez,15 - Goián

ALIMENTACION CELIA Casal, 13 - San Salvador de Tebra

Podese consultar a súa distribución e moita máis información no seguinte enlace

<http://www.ambilamp.es/>

Envases de Fitosanitarios

Os restos e envases de fitosanitarios son altamente tóxicos e por lei deben ser xestionados por un canal propio de reciclaxe e tratamento. Para a eliminación dos mesmos , subministradores e grandes usuarios de fitosanitarios teñen un espazo onde se poden depositar os envases e restos dos mesmo, para os seu posterior tratamento por parte dun xestor autorizado.

Os puntos de deposito destes envases en Tomiño son:

Nome do Centro	Lugar	Teléfono
Bodegas Altos de Torona, S.L	Vilachán s/n - Tomiño	986442073
Suministros Hortícolas Bacelo, S.L.	Carregal de Arriba 70 - Amorín	986633409
Iago Chao Núñez		986622977
Cristina Bouzana		986623412
Celia Alonso Iglesias	Casal 13 – San Salvador de Tebra	986624044
Viveros Nilo SL	Carretera Tui- A Guarda 58 - Figueiró	986620113
Galiplant SAT	Lago - Figueiró	986620306